

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

ANUNCIO de convocatoria dos procesos selectivos para cubrir varias prazas na oferta de emprego público do ano 2019 (quenda libre).

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 50, do 12 de marzo de 2020, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2019.

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura convocou, mediante Resolución do 5.3.2020, os procesos selectivos para a cobertura, pola quenda libre, de diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público do ano 2019, que a continuación se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 3. Denominación: administrativo. Resérvase unha (1) praza para persoas con discapacidade.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 2. Denominación: auxiliar. Resérvase unha (1) praza para persoas con discapacidade.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: traballador/a social.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2 da clase de servizos de extinción de incendios, subescala de servizos especiais da escala de Administración especial. Número de vacantes: 2. Denominación: bombeiro/a-condutor/a.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, e os su-



cesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de editos da Corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 12 de marzo de 2020

O alcalde

P.D. (Acordo da Xunta Goberno Local do 15.6.2019)

María del Carmen Fouces Díaz

Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

CVE-DOG: sya5n8t3-e058-e2q5-kxu4-xbgoqqmaugw0

